

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN
CURSO: 6.º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: MEDIOS DE COMUNICACIÓN II
DEPARTAMENTO: -
DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Elabora mensaxes dirixidas a ser publicadas en boletíns impresos para a comunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • MC4.1.1. Redacta noticias sobre acontecementos reais do seu entorno próximo.
	<ul style="list-style-type: none"> • MC4.1.2. Participa activamente na elaboración de boletíns impresos que recollen textos e imaxes de interese para a comunidade educativa.
<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Recoñece e utiliza as linguaxes audiovisuais para elaborar mensaxes referidas aos seus centros de interese 	<ul style="list-style-type: none"> • MC4.2.1. Elabora en equipo programas radiofónicos dispoñibles para subscrición (podcasts) empregando ferramentas como o guion ou escaleta e xéneros como entrevistas, reportaxes, debates, etc.
	<ul style="list-style-type: none"> • MC4.2.2. Produce mensaxes en video tanto de tipo informativo como de creación dirixidas á comunidade educativa.
<ul style="list-style-type: none"> • B4.3. Coñece e utiliza as ferramentas dixitais para elaborar e enviar mensaxes multimedia (SMS, mensaxes de texto, páxinas, blogues, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • MC4.3.1. Confecciona sinxelas páxinas web tendo en conta o deseño gráfico, o esquema arbóreo, as ligazóns, a interactividade co usuario, etc.

En vermello, os criterios e estándares considerados non esenciais e que quedan excluídos da programación do terceiro trimestre.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas.
	Instrumentos: Investigacións, diálogo, posta en común, probas obxectivas, interpretación de datos, exposición dun tema.
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: -1ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. -2ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. -3ª Avaliación: valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10 % do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos contidos non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede en primaria
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado con materias pendentes

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

As actividades deste terceiro trimestre adaptaranse ás características propias das tecnoloxías dixitais. Levaranse a cabo actividades de recuperación, repaso e reforzo pero tamén de ampliación relacionadas con aprendizaxes imprescindibles que figuraban na programación inicial do curso.

O alumnado realizará, fundamentalmente, estas actividades:

- **Fichas dixitais de autocorrección diarias** elaboradas polo docente e contextualizadas para este grupo e para os estándares de aprendizaxe que tomamos en consideración.
- **Lecturas e comentarios** sobre os contidos do trimestre relacionados particularmente coa saúde e cos seres vivos.
- **Investigación en internet** sobre saúde pública e sistemas sanitarios, medidas de prevención contra a COVID-19, hixiene e seguridade, etc.

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Todo o alumnado do grupo ten conexión a internet con algunhas incidencias puntuais debidas á mala cobertura da rede e quizais aos propios dispositivos. As videoconferencias diarias (2 horas pola mañá e unha hora pola tarde) tratan de fortalecer os lazos entre os membros do grupo e encaixan nunha visión cooperativa da aprendizaxe, o rasgo esencial da metodoloxía que utilizamos na aula e que, na medida do posible, desexamos continuar a distancia.</p> <p>Traballaremos nos dous modos básicos de ensino a distancia: Sincrónico, por medio de videoconferencia para propoñer actividades en liña, detectar e solucionar dúbidas, e proporcionar feed-back en vivo.</p> <p>Asincrónico, suxerindo tarefas que se poden facer ao longo da xornada ou da semana como a elaboración de traballos de investigación, blogues de aula, etc.</p> <p>O grupo na plataforma educativa Agueiro é un elemento fundamental desde o punto de vista metodolóxico porque permite traballar en conxunto, compartindo todo tipo de materiais didácticos e promovendo proxectos compartidos, pero ao mesmo tempo facilita a conciliación da vida familiar ao permitir o acceso a todas as videoconferencias e actividades en calquera momento do día.</p> <p>O desenvolvemento das competencias clave con propostas de tarefas integradas e globalizadas é outro dos rasgos esenciais da metodoloxía. A competencia dixital e a competencia social e cívica están a ter un tratamento privilexiado, sen esquecer o resto de competencias que conforman o currículo de primaria.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Presentacións de diapositivas multimedia Fichas de exercicios Fichas dixitais de autocorrección Medios de comunicación dixitais e bibliografía específica Fontes oficiais de información Recursos tecnolóxicos propios: ordenador, webcam, micrófono, escáner, subscricións a provedores de servizos, etc.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado e as familias contan con información completa e detallada desde o inicio do período de confinamento. Esa información reformouse coas modificacións introducidas polas autoridades educativas e unha vez reformada foi trasladada a todas as familias.</p> <p>Empregamos diversos recursos e canles de comunicación:</p> <p>Alumnado No grupo de aula na plataforma Agueiro publicamos un documento en PDF orientado aos rapaces. Acompañamos o documento cunha presentación de diapositivas en Google. Ademais aproveitamos a primeira videoconferencia en Webex para trasladar unha mensaxe clara sobre os obxectivos principais neste último trimestre e sobre a maneira de resolver a avaliación final e a promoción á seguinte etapa.</p> <p>Familia Mantemos desde o inicio de curso un contacto permanente a través de Abalar móbil, servizo de mensaxería e cooperación Taskade e correo electrónico. Empregamos tamén a propia plataforma Agueiro para compartir indicacións orientadas ás familias. Ás poucas semanas de iniciar a educación a distancia solicitamos a participación nunha enquisa que deu un grao de satisfacción dun 4,4 sobre cinco.</p>
Publicidade	Publicación na páxina web do centro